

ROGER FEDERER COMO EXPERIENCIA RELIXIOSA DAVID FOSTER WALLACE

[“Roger Federer as Religious Experience”. Tirado de *The New York Times*, 20 de agosto de 2006. Disponível en: <https://www.nytimes.com/2006/08/20/sports/playmagazine/20federer.html?pagewanted=print>]

Case toda persoa que ama o tenis e segue a competición masculina por televisión experimentou, durante os últimos anos, o que podería ser definido como Momentos Federer. Estes son ocasións, mentres observas ao mozo suízo, nas que a túa mandíbula cae e os ollos sobresaen e emítense ruídos que fan a esposas ou esposos vir de outras habitacións a ver se estás ben.

Os Momentos son máis intensos se xogaches tenis dabondo como para entender a imposibilidade do que acabas de verlle facer. Todos temos os nosos exemplos. Aquí vai un. É a final do U.S. Open de 2005, con Federer servindo para Andre Agassi no cuarto set. Hai un intercambio de golpes de fondo na metade da cancha, un coa distintiva forma de bolboreta do actual estilo de xogo, forte e longo. Federer e Agassi tirándose dun lado a outro, cada un tentando gañar o punto... ata que de súpeto Agassi golpea un forte revés que atravesa a pista e empuxa a Federer cara a súa esquerda, e Federer alcánzaa pero o revés queda curto, só uns centímetros máis aló da liña de servizo, o que por suposto é o tipo de cousa da que Agassi saca proveito, e mentres Federer loita para darse a volta e volver ao centro, Agassi móvese para esperar a bola curta, e consegue devolvela á mesma esquina,

tentando descolocar a Federer, o que logra. Federer está aínda preto da esquina pero correndo cara a liña central, e a pelota está dirixíndose a un punto detrás del agora, onde estaba xusto antes, e non hai tempo para xirar o corpo, e Agassi está seguindo o golpe cara a rede nun ángulo para o lado do revés... e o que Federer fai agora dalgún xeito é reverter o impulso e saltar cara atrás tres ou catro pasos, imposiblemente rápido, para golpear un dereitazo dende o lado do seu revés, con todo o seu peso movéndose cara atrás, e dá o golpe, cun efecto diabólico e sensacional que supera a Agassi na rede, quen tenta alcanzalo pero ten a bola detrás, e colócase xusto na liña de banda para aterrar, exactamente, na esquina de saída do lado de Agassi, un golpe gañador. Federer está aínda abaneando cando aterra. E hai ese pequeno segundo familiar de silencio asombrado do público de Nova York antes de ruxir, e John McEnroe cos seus auriculares na televisión di (sobre todo para si mesmo, parece): “Como podes facer un golpe gañador dende esa posición?”. E ten razón: dada a posición de Agassi e a súa velocidade de clase mundial, Federer tiña que enviar aquela bola a través dun oco de dúas polgadas para superalo, cousa que fixo movéndose marcha atrás, sen tempo para situarse e sen poder utilizar o peso do seu corpo para o tiro. Era imposible. Era como algo sacado de *The Matrix*. Non sei que tipo de ruídos estiveron implicados, pero a miña muller di que veu correndo e había flocos de millo ao longo de todo o sofá e estaba sobre un xeonllo e os meus globos oculares parecían globos oculares dunha tenda de regalos.

En calquera caso, ese é un exemplo de Momento Federer, e ese era só na televisión, e a verdade é que o tenis por televisión é ao tenis en directo bastante como o que é un vídeo porno á realidade sentida do amor humano.

(...)

A beleza non é o obxectivo do deporte competitivo, pero o deporte de alto nivel é un escenario privilexiado para a expresión da beleza humana. A relación é máis ou menos como a que existe entre a valentía e a guerra.

A beleza humana da que falamos aquí é beleza dun tipo particular; podería chamarse beleza cinética. O seu poder e atractivo son universais. Non ten nada que ver co sexo ou coas normas culturais. Co que parece ter que ver, realmente, é coa reconciliación dos seres humanos co feito de ter un corpo.

Por suposto, nos deportes masculinos ninguén fala sobre beleza ou graza ou o corpo. Os homes poden profesar o seu “amor” polos deportes, pero ese amor debe sempre ser situado e actuado na simboloxía da guerra: eliminación contra avance, xerarquía de rango e posición, estatísticas obsesivas, análise técnico, fervor tribal e/ou nacionalista, uniformes, ruído de masas, pancartas, golpearse o peito, pintar a cara, etc. Por razóns que non se entenden moi ben, os códigos de guerra son máis seguros para a maioría de nós que os do amor. Pode ser que a ti tamén cho parezan, e nese caso o mesomorfo e totalmente marcial español Rafael Nadal é o teu home, aquel dos bíceps sen mangas e auto-exhortacións Kabuki. (...)

NON, PERO VIN O PARTIDO ROGER ANGELL

["No, But I Saw the Game". En *The Criterion Collection*, 16 de xullo de 2018. Tirado de <https://www.criterion.com/current/posts/5794-no-but-i-saw-the-game>]

As películas de béisbol fan sentirse ben aos fans e ás fans do béisbol polos motivos equivocados. Ver a actores batar como avoíñas no prato, facer o *double play* en doce segundos (era iso cámara lenta ou que?) ou facer un *strike* cara o lateral con bolas rápidas de parábola alta, sorrimos insatisfeitos na escuridade, rosmando por saber que o noso deporte e os seus practicantes están máis aló da imitación. Este formigar de superioridade non é particularmente satisfactorio, xa que nós, fans do xogo, estamos alí noutro rol, como espectadores de cine; máis que calquera outra persoa no público, queremos que o béisbol funciona na pantalla, para facer que nos impliquemos e que nos importe a historia, para que poidamos esquecer o mal que xogan os fulanos da pantalla. Ás veces iso sucede, pero máis a miúdo podemos sentir o vello suspiro de incredulidade, coas engrenaxes chiando dentro de nós, particularmente durante filmes de béisbol nos que a trama depende moito de cousas que suceden no campo. O verdadeiro drama do béisbol leva o seu tempo, como ben sabemos, e as súas resolucións excitantes ou melodramáticas tenden a ser sucesos menores (...) que se senten xigantes ou explosivos porque nos liberan dunha ansiedade debilitante. Todas as entradas previas acumuladas e aparentemente intranscendentes foron embutidas con novas e avisos e insistentes preocupacións para o fan na tribuna. Ten o noso *pitcher* a súa boa bola hoxe, e (uns minutos despois) que carallo fai lanzándolle así a este bateador número 8?... Por que está Straw xogando tan longo? (...)

Non moito disto é traducible á linguaxe cinematográfica, por suposto, xa que é algo silencioso e que sucede ao longo de moito tempo, e xa que o centro das nosas preocupacións - a diferenza dun pé ou dous na situación da defensa interior, ou de milímetros cara dentro ou cara fóra mentres a bola lanzada escintila a través do prato - é desmoralizador para o director ou directora de fotografía e invisible para a espectadora ou espectador inexperto. Os filmes teñen que seguir avanzando, e polo tanto non poden esperar polo lento paso do tempo en béisbol, como de reloxo de area, nun partido ou nun verán. O béisbol é principalmente momentos anticlimáticos, pero os filmes de béisbol poden suxerir o contrario, a miúdo por primeiros planos editados de bates golpeando pelotas, luvas recollendo pelotas rasas, pés con tacos pisando unha base, e todo iso, ou pola distorsión oposta - o plano a cámara-súper-lenta do bateador agardando e tensándose mentres a bola se achega dende o montículo con todas as costuras á vista e logo, despois dun borroso corte de movementos e xestos do bateador, érguese operísticamente ao alto e ao lonxe, a maioría das veces ás gradas. A acción do béisbol en pantalla tende cara o grotesco: bateos que fallan por quilómetros, lanzamentos salvaxes que golpean a pantalla ou comicamente acertan a calquera na cabeza, e eses *home runs* gañadores de xogos, series mundiais ou filmes lanzados ao último piso do estadio, acompañados de luces de arco da vella, música alta e sentimentos de fans polo chan. O béisbol do cine é inexorablemente entretido, mentres que o béisbol real, como sabe calquera fan, é demasiado serio a maioría do tempo como para ser divertido.

ARSENAL - DERBY. 31/3/73 NICK HORNBY

[Tirado de *Fiebre en las gradas*. Barcelona: Anagrama, 2008]

A estas alturas, teño a impresión de que debo defender a exactitude dos meus recordos e, quizais, a de todos os afi-

cionados ao fútbol por extensión. Nunca levei un diario no que anotase asuntos futboleros, e de seguro que esquecín por completo centos e centos de partidos; porén, a unidade de medida da miña vida foron os partidos xogados polo Arsenal. Todo acontecemento dotado de certo significado ten na miña vida un matiz futbolístico. Por exemplo, a primeira vez que fun testemuña nunha voda? Perdemos 1-0 contra os Spurs na terceira ronda da Copa, e escoitei a retransmisión do trágico erro que cometeu Pat Jennings pola radio do coche, mentres estaba aparcado nunha explanada en Cornualles que o vento varría sen misericordia. Que cando rematou a miña primeira aventura amorosa de verdade? Ao día seguinte dun decepcionante empate, 2-2, contra o Coventry: era 1981. Que estes acontecementos teñan a debida conmemoración non deixa de ser comprensible; en cambio, o que non consigo explicar é por que recordo algunhas outras cousas. Por exemplo, a miña irmá lembra ter estado dúas veces en Highbury, pero non sabe nada máis daquelas dúas ocasións. Eu sei que asistiu a un triunfo por 1-0 contra o Birmingham en 1973 (con gol de Ray Kennedy, precisamente a tarde na que debutou Liam Brady), e a outro por 2-0 contra o Stoke, xa en 1980 (goles de Hollins e Samson). O meu medio irmán veu por primeira vez en 1973, e viu un empate, 2-2, en partido de Copa contra o Leicester. A que se debe que sexa eu quen o sabe con toda seguridade? Cando alguén, home ou muller, me di que estivo en Highbury unha vez en 1976, e que viu un partido contra o Newcastle que rematou en 5-2, por que me sinto irreprimiblemente inclinado a corrixir, dicindo que o marcador final foi en realidade un 5-3? Por que non podo limitarme a sorrir cun mínimo de cortesía e dicir que si, que foi un partido espléndido?

Xa sei que somos uns pesados, xa sei que debemos parecer uns maniáticos, pero agora xa non se pode facer gran cousa por cambiarnos. (...) Isto dos marcadores, os goleadores, as ocasións das que disfrutamos, etcétera, son recordos dunha soa peza: a cagada de Pat Jennings naquel partido contra o Tottenham non tivo a mesma importancia que a voda de Steve, por descontado que non. Non obstante, os dous acontecementos remataron por ser, para min, partes intrinsecamente complementarias dun conxunto novo e diferente. Por conseguinte, quizais poida dicir que a memoria dun obseso é máis creativa que a dunha persoa normal, e non no sentido de que inventemos as cousas, senón tendo en conta que temos unha serie de recordos repletos de cortes, de saltos, de fundidos, de fraccionamentos de pantalla e de innovacións cinemáticas bastante barrocas. Quen senón un aficionado ao fútbol utilizaría un fallo colosal nun campo enlameado, a 450 quilómetros do seu lugar de residencia, para conmemorar unha voda? Ter unha verdadeira obsesión esixe unha moi recomendable axilidade mental.

O MUNDO DA LOITA LIBRE ROLAND BARTHES

[Tirado de *Mythologies*. Nova York: Hill and Wang, 1972]

"... A verdade enfática do xesto nas grandes circunstancias da vida"
Baudelaire

A virtude da loita libre consiste en ser un espectáculo excesivo. Nel atopamos un énfase semellante ao que tiñan, seguramente, os teatros antigos. Ademais, a loita libre é un espectáculo de aire libre, pois o que constitúe o esencial do circo ou da area non é o ceo (valor romántico reservado ás festas mundanas), senón o carácter compacto e vertical da superficie luminosa; dende o fondo das salas parisienses máis turbias, o catch participa da natureza dos grandes espectáculos solares (...): aquí e aló, unha luz sen sombra elabora unha emoción sen repregamento.

Hai persoas que cren que a loita libre é un deporte innobre. A loita libre non é un deporte, é un espectáculo; e non é máis innobre asistir a unha representación da dor na loita libre que aos sufrimentos de Arnolfo ou de Andrómaca. Por suposto existe un falso **wrestling** que se representa custosamente coas aparencias inútiles dun deporte regular; isto non ofrece ningún interese. A auténtica loita libre, chamada impropriamente loita libre de afeccionados, represéntase en salas de segunda categoría onde o público se pon de acordo espontaneamente coa natureza espectacular do combate, como o público dun cine de barrio. Aquelas persoas indígnanse porque a loita libre é un deporte falseado (cousa que, por outra parte, debería liberalo da súa ignominia). Ao público non lle importa para nada saber se o combate é falseado ou non, e ten razón; confíase á primeira virtude do espectáculo, a de abolir todo móbil e toda consecuencia: o que importa non é o que cre, senón o que ve.

Ese público sabe distinguir moi ben o *wrestling* do boxeo; sabe que o boxeo é un deporte (...) fundado na demostración dunha superioridade. Pódese apostar polo resultado dun combate de boxeo; na loita libre non tería ningún sentido. O combate de boxeo é unha historia que se constrúe diante dos ollos da audiencia: na loita libre, pola contra, o intelixible é cada momento e non a continuidade. O espectador non se interesa polo ascenso cara o triunfo; espera a imaxe momentánea de determinadas paixóns. A loita libre esixe, pois, unha lectura inmediata de sentidos xustapostos, sen que sexa necesario vincularlos. O proceso racional do combate non interesa ao afeccionado á loita libre; pola contra, o boxeo sempre supón unha ciencia do futuro. Dito doutra maneira, a loita libre é unha suma de espectáculos, ningún dos cales está en función do outro: cada momento impón o coñecemento total dunha paixón que xorde directa e soa, sen estenderse nunca cara o coroamento dun resultado.

CINECLUBE DE COMPOSTELA

NOV
2018

ASOCIACIÓN

O Cineclub tenta ser unha asociación autoxestionada. Para iso, propoñemos unha aportación económica persoal de 5€/mes (3€ para estudantes e parados/as) cineclubedecompostela.wordpress.com facebook.com/cineclubedecompostela @cineclubedecompostela@gmail.com

PROXECCIONS

Todos os mércores ás 21:30 na Gentalha do Pichel (Santa Clara, 21. Santiago de Compostela)
Entrada de balde | Bono-axuda: 1€

7 DE NOVIEMBRE

O campión

(The Champion, Charles Chaplin, EUA, 1915, 31', VOSG)

Viva o Tour

(Vive le tour, Louis Malle, Francia, 1962, 18', VOSG)

A grande éxtase do escultor en madeira Steiner

(Die große Ekstase des Bildschnitzers Steiner, Werner Herzog, RFA, 1974, 45', VOSG)

14 DE NOVIEMBRE

Voute mercar

(あなた買います [Anata kaimasu], Masaki Kobayashi, Xapón, 1956, 111', VOSG)

21 DE NOVIEMBRE

Xogos virís

(Muzné hry, Jan Švankmajer, Checoslovaquia, 1988, 14', VOSG)

Zidane, un retrato do século XXI

(Zidane, un portrait du 21e siècle, Douglas Gordon / Philippe Parreno, Francia / Islandia, 2006, 90', VOSG)

28 DE NOVIEMBRE

O deporte preferido dos homes?

(Man's Favorite Sport?, Howard Hawks, EUA, 1964, 120', VOSG)